

DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN
CEIP PENA CORNEIRA

Estimada familia:

Póño-me en contacto con vós para informaros de que acaban de saír publicadas as becas que tódolos anos concede o Ministerio de Educación e Ciencia para alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo coa finalidade de sufragar os gastos que de intervencións educativas externas poidan derivar (logopedia, psicoloxía, terapia ocupacional...), as cales poden axustarse ás necesidades do voso/a fillo/a.

O prazo para solicitá-las abrangue dende o día 30 de abril ata o día 13 de setembro (incluídos) e o trámite deberá realizarse na páxina web <https://www.becaseducacion.gob.es/becas-y-ayudas/ayudas-apoyo-educativo>

Nesta páxina web, ademáis tendes toda a información detallada dos requisitos, a documentación a presentar, como tramitala, modelos de documentos, etc.

Estas becas están destinadas a alumnos/as de Educación Infantil e Primaria (no noso caso) que presenten discapacidade, trastorno grave de conduta, trastorno grave da comunicación ou da linguaxe, trastorno do espectro autista e altas capacidades.

Para tramitalas precísase a seguinte documentación: DNI/NIE de tódolos membros computables da unidade familiar, certificado bancario (o alumno/a deberá ser titular ou cotitular da conta e se non o é poderá o centro xestionala coa autorización da familia), certificado de familia numerosa (se é o caso), certificado de discapacidade igual ou superior ó 25% (se é o caso) e informe médico con diagnóstico (se este se emite no período de vacacións de verán poderá solicitarse a beca nos primeiros días de setembro). A esta documentación engadirase no centro o informe do Departamento de Orientación.

Ademáis, para todas elas será necesario que un gabinete externo (aquele onde se vaia empregar a cuantía concedida) elabore un certificado onde recolla o número de sesións de intervención, o prezo... Este gabinete poderá ser de logopedia, pedagogía ou outro ámbito educativo.

A documentación deberá presentarse no centro, xa que hai documentos que terán que ser aquí cubertos e posteriormente remitidos á Inspección Educativa.

Os importes das mesmas serán de ata 913 € para reeducación pedagóxica, 913 € para reeducación da linguaxe (poderán sumarse os dous importes se o neno/a precisa reeducación pedagóxica e da linguaxe), 913 € para traballo con altas capacidades e un subsidio para gastos engadidos de 400 € en todas, e serán concedidas ou non en función da renda per cápita familiar.

No caso de que o neno/a para o vindeiro curso acuda a outro centro educativo, deberá ser alí onde se realice o trámite unha vez matriculado.

Para recibir máis información ou tramitalas, podedes acudir ós centros sen cita previa para falar comigo (Cenlle os luns de 10:50 a 13:40 horas, Carballeda de Avia os martes e os venres de 10:00 a 13:20 horas, Leiro os mércores de 9:30 a 14:30 horas e Avión os xoves de 10:30 a 14:20 horas), durante os meses de maio e xuño (ata o día 21), xa que en setembro, dende o comezo das clases, apenas hai tempo para solicitá-las.

Recíbide un cordial saúdo,

M^a Concepción Cibeira Godás (Orientadora)